



PROBAS SELECTIVAS PARA O INGRESO NA ESCALA TÉCNICA AUXILIAR (SUBESCALA AUXILIAR DE SERVIZOS) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN DO 28/06/2019

### **PRIMEIRO EXERCICIO (GALEGO) – 18 DE SETEMBRO DE 2021**

#### **Nivel Celga 3. Competencias (comprensión oral e escrita) (expresión oral e escrita)**

*Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG do 30/07/2007)*

A persoa que supere o Celga 3 posuirá un dominio da lingua que lle permita intervir nun conxunto variado de situacións de comunicación. As estruturas gramaticais e léxicas que utilizará proporcionaranlle a suficiente flexibilidade e capacidade para usar a lingua en situacións menos previsibles.

Comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade, distinguindo os elementos principais dos secundarios. Será capaz de producir textos comprensibles e cun grao alto de corrección normativa sobre temas diversos e tamén poderá defender un punto de vista sobre cuestións xerais indicando os pros e os contras das distintas opcións.

Poderá desenvolverse sen moitas dificultades en contextos en que o galego é lingua de traballo e interacción, polo que estará en condicións, por exemplo, de participar en cursos académicos ou en intercambios universitarios en Galicia.

#### **CRITERIOS DE CORRECCIÓN**

De acordo coas competencias esixidas para o nivel equivalente a Celga 3, establécense os seguintes criterios de corrección para as probas:

##### **Expresión escrita:**

- Adecuación. Valórase que a persoa candidata se axuste á tarefa que se lle pide e o desenvolvemento e a resolución correcta da tarefa no tempo estipulado. Terase en conta a utilización dun rexistro adecuado.
- Cohesión e coherencia. Valórase a claridade expositiva e o emprego de suficientes elementos de cohesión tanto léxicos como gramaticais. Terase en conta a corrección no emprego dos signos de puntuación.
- Gramática. Neste parámetro valórase o grao de corrección gramatical, tanto de ortografía como de acentuación.
- Léxico. Valórase a amplitude e a precisión do léxico.

##### **Expresión oral:**

- Adecuación. Adaptación á finalidade da comunicación e ao contexto cun rexistro adecuado. A información ha de ser pertinente.
- Interacción. Neste parámetro valórase que a persoa colabore coas persoas interlocutoras e que manteña o diálogo e intercambie información.
- Cohesión e fluidez. Valórase que a persoa estructure correctamente as súas ideas e que poida transmitir a información sen apenas vacilacións.
- Pronuncia e entoación. Valórase a claridade na pronuncia e o dominio fonolóxico.
- Gramática. É preciso mostrar un bo control gramatical.
- Léxico. Valórase a precisión no vocabulario, que debe ser amplo.